



CONVOCATORIA
APEIRARTE: LICENZA PARA CREAR
MUSEO LISTE
2018





ASPECTOS XERAIS:

Esta convocatoria ten como finalidade convidar a participar nun novo proxecto expositivo no que etnografía e arte danse a man para concibir obxectos estéticos toda vez que a peza útil perdeu a súa finalidade orixinal.

Comisariado da exposición: D^{ña} Araceli M. Liste Fernández. Profesora titular da Universidade. Departamento de Debuxo da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

OBXECTIVO:

Crear unha simbiose entre etnografía e arte.

A arte, a creación artística, vaise servir da etnografía para materializarse, partindo dun obxecto de uso práctico.

“Apeirarte” pretende contemplar as pezas etnográficas dende una perspectiva estética. Os obxectos son contedores de coñecemento, polo que “Apeirarte” consistirá en separar o significado do significante inicial, otorgándolle á peza un novo significado, esta vez, estético.

Non é unha transformación do obxecto co fin de convertelo noutro, a modo de *ready-made*, senón unha intervención da forma, demostrando a súa dimensión estética.

Cada creación será reflexo da comunicación entre o obxecto e o artista, que tras analízalo, adquirirá novos significados que se atopaban latentes nel: harmonía das súas liñas e volumes, equilibrio nas súas formas, rareza no emprego do material, etc., ademais de todas aquelas, cada un pode descubrir outras persoais, novas, que xorden ao observar lentamente o obxecto, permitindo o diálogo entrambas.

MÉTODO:

O Museo facilitará unha serie de apeiros de labranza: *picos, palas, aixadas, rodas, angazos, tesoiras, gadaña* ... que reflicten o traballo do ser humano, e que adquiriran unha nova referencia estética; unha dimensión e dialéctica a cabalo entre o pasado e o presente.

PARTICIPANTES:

A idea é plasmar esta nova visión dende distintos ámbitos:

- Artistas e artesáns de recoñecido prestixio, convidados polo Museo.
- Alumnos/as de Belas Artes, ou achegados ao ámbito artístico, seleccionados polo profesorado.
- Participantes inscritos a través desta convocatoria que serán seleccionados en sorteo público.

CONVOCATORIA ABERTA Á PARTICIPACIÓN:

Poderá inscribirse toda persoa que así o desexe maior de 18 anos.

PRAZO E MODO DE INSCRICIÓN:

A inscrición permanecerá aberta dende a publicación desta convocatoria ata o 15 de febreiro de 2018.

Realizarase ben a través do teléfono 986244698; do correo electrónico recepcion@museoliste.org; a través da páxina web: menú principal eventos (formulario); ou na sede do Museo na Rúa Pastora, nº 22 de Vigo.

SORTEO:

O sorteo realizarase ao día seguinte ao peche do prazo de inscrición (16 de febreiro) na sede do Museo Liste.

A partir desta data, os seleccionados poderán recoller as pezas a intervir, na sede do Museo.

PRAZO DE ENTREGA DAS OBRAS:

O prazo de entrega das obras remata o 3 de abril.

Deberán ser entregadas co nome do autor e o título da mesma.

A exposición permanecerá aberta na Sala de Exposicións Temporais do Museo a partir do 20 de abril.

OUTROS:

- Cesión das obras expostas e dos seus dereitos sempre que se mencione o autor e teña como fin a divulgación e promoción cultural e, en calquera caso, sen ningún tipo de beneficio económico.
- Os autores responsabilizaranse da autoría e orixinalidade das obras presentadas así como de que non existan dereitos de terceiros sobre as mesmas e de calquera reclamación que por dereitos de imaxe puidera formularse.
- O feito de participar implica a aceptación íntegra das presentes bases.
- En todo aquilo non previsto nestas bases, a Fundación Liste - Museo Etnográfico de Vigo resolverá o que proceda.

INFORMACIÓN:

A través do teléfono 986244698 ou do correo electrónico: didactica@museoliste.org.

